



Liquids

Revista d'estudis
literaris ibèrics

Nº 3, 2009, pp. 1-2

Issn: 1998-2513

EDITORIAL

TATIANA JORDÁ

EVA SOLER

Tópicos, temas, personaxes que viaxan dun xénero literario a outro e, dende alí, a calquera outro xénero artístico; textos, imaxes e sons que se transforman durante a súa translación para funcionar axustándose ás características de cada novo molde...

A adaptación dunha obra noutro xénero responde á necesidade de colmar a demanda dun lector que se identifica coa lírica que recolle os mitos e os símbolos da súa cultura oral; dun público ao que lle gustan tanto as novelas que asiste ao teatro na busca das mesmas historias que nelas encontrou, ou dun espectador que acode ao cinema arrastrado polo encanto de ver encarnados os heroes que xurdiron das páxinas dun libro. Pero a adaptación ou a mestura tamén pode ser forzosa: por exemplo, no caso das artes audiovisuais, o uso do texto as dota de carga intelectual explícita cando (quizais con demasiada frecuencia) as artes audiovisuais precisan do prestixio da palabra literaria. Eis a súa coartada. En calquera caso, prodúcese unha transformación do texto causada polo cambio da linguaxe, os mecanismos de narración e as convencións inherentes ao xénero.

Por outra parte, a literatura posúe uns motivos, mitos ou personaxes tipo, que obteñen maior éxito que outros e sobreviven nela transixindo á transformación esixida polas circunstancias que rodean o acto de comunicación. En moitas ocasións estes temas, propios dunha tradición literaria, transgreden as fronteiras doutras literaturas e se ven transformados pola *contaminación* que supón o contacto con elas. É que a arte parece manterse viva grazas ao movemento constante e á relación entre as súas diferentes esferas e compoñentes porque estes non perviven en compartimentos estancos, xa que son xenerados por e para a vida. O artista debe sobrevivir a este dinamismo e utilizar o seu talento para adaptarse, crecendo e retorcéndose como as ramas dunha árbore que busca a luz do sol.

Neste número de *Liquids* propoñemos reflexionar sobre todo isto dende a diversidade de perspectivas e metodoloxías a través duns artigos nos que se revisa a traxectoria do mito de “Don Juan” na produción teatral do século XX, a do mito clásico do Minotauro e os procesos de adaptación de obras nos contextos do Renacemento e do século XX. Por outra parte, na sección de recensións tamén encontramos lecturas críticas e creativas que ofrecen, dalgunha maneira, estes fenómenos de pervivencia e mudanza: o tratamento da Guerra Civil española na narrativa xuvenil ou a asociación entre arte e pintura son algunhas delas. Finalmente, cabe destacar o apartado de creación, xa que recolle sete pezas de catro dramaturgas que reflicten nos seus textos ese carácter camaleónico da arte, xa que ofrecen a mirada dunha muller (unha e diversa ao mesmo tempo) sobre a sociedade e o xénero teatral. Unha mirada coherente mais diverxente, ao igual que esta entrega dunha revista que naceu, precisamente da necesidade común de recortar distancias e crear puntos de encontro para a diferenza.

TRADUCCIÓN: MÓNICA DOMÍNGUEZ PÉREZ